

## CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA AVANZAR NA METODOLOXÍA DE ANÁLISE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DESTINADAS A FAVORECER A ATRACCIÓN E IMPLANTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS EN GALICIA, ASÍ COMO AO CRECEMENTO DAS EMPRESAS XA EXISTENTES

**Dunha parte,** Dna. Covadonga Toca Carús, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de directora xeral, e en virtude da delegación de facultades conferida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

**Doutra parte,** o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da USC, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), con NIF Q1518001A, e domiciliada en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, no exorcizo das facultades que segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, da Xunta de Galicia (DOG do 22/03/2022), correspóndenlle, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE do 12/04/2023) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

### EXPOÑEN

I. A Lei 5/1992, do 10 de xuño, crea o Igape, que é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.

II. O Igape constitúe un instrumento básico de actuación da administración autonómica galega para impulsar o desenvolvemento competitivo do noso sistema produtivo, promovendo actividades que contribúan á xeración de emprego en Galicia, e ao progreso económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Corresponde, pois, ao Igape a dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxenos, a atracción de inversións, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio cara ao cumprimento dos seus obxectivos.

En particular, o Igape desenvolve un papel activo na promoción da economía galega a través de diversos incentivos financeiros dirixidos á mellora das capacidades empresariais, ao crecemento das empresas e a implantación de novas empresas.

III. A USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da sociedade. A USC, a través do seu Departamento de Economía Aplicada (en diante, Departamento), conta con persoas especialistas nas liñas de investigación sobre avaliación de políticas públicas.

IV. A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación e as empresas, co fin de dar unha resposta eficaz ás exigencias do cambio tecnolóxico.

Dentro dese marco normativo, as partes asinantes comparten o interese común na innovación e o desenvolvemento económico sostible polo que consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan avanzar no desenvolvemento metodolóxico necesario para a análise rigorosa das políticas destinadas a favorecer a atracción e implantación de novas empresas en Galicia.

V. O Igape considera de interese para a sociedade galega no seu conxunto potenciar o coñecemento industrial, a innovación e a dinamización empresarial na comunidade autónoma tanto pola incidencia que ten para o futuro económico do país como para o desenvolvemento social.

VI. As dúas partes entenden que é importante fomentar, promover actividades no marco das competencias do instituto e das que, polo seu carácter transversal implican unha acción conxunta do goberno galego, de xeito que a sociedade galega e os sectores económicos podan atopar dende o maior coñecemento oportunidades de negocio e posta en marcha de novas industrias.

Dado o interese coincidente do Igape e a USC as dúas partes acordan formalizar un convenio coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Igape e a USC coa finalidade de fomentar, promover e financiar a realización de estudos e informes relacionados co avance na metodoloxía para a avaliación das políticas públicas destinadas a contribuír á mellora dos instrumentos de promoción económica de Galicia, proporcionando unha análise rigorosa sobre a eficacia dos incentivos financeiros e suxerindo melloras que optimicen o seu impacto. Así, o propósito último desta colaboración entre ambas partes procura garantir que as políticas públicas se aliñen cos obxectivos estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial de Galicia.

Para tal fin, inclúese un Anexo Técnico ao convenio no cal se perfilan os aspectos metodolóxicos do desenvolvemento dunha investigación aplicada sobre a análise e avaliación das políticas públicas de incentivos financeiros e apoios implementados pola Xunta de Galicia, a través do Igape, entre 2019-2024.

### **SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO CONVENIO**

As actuacións específicas que desenvolven o obxecto do convenio, no marco dos obxectivos perseguidos, e co detalle correspondente a cada unha, recóllense no Anexo Técnico.

### **TERCEIRA. XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS**

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a USC disporá ata o 30 de novembro de 2025 para entregar ao Igape a seguinte documentación:

- Certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da USC se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
- Memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia do Igape sobre a que versou a actuación e se acompañará dunha memoria/informe relativa ás investigacións desenvolvidas pola USC.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

O Igape aboará a contía fixada na cláusula cuarta contra presentación pola USC da certificación correspondente aos gastos incorridos para o desenvolvemento do convenio e trala conformidade da Xerencia do cumprimento das obrigas establecidas.

A xustificación presentarase vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación presentada, de cuxa veracidade responsabilizarase a propia USC.

En todo caso, o Igape resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto e do seu pagamento.

Procederáse a minorar a achega económica concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio teñan un custo inferior ao importe total do orzamento estimativo que presentou a entidade e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente das actuacións.

A USC manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

#### CUARTA. COMPROMISOS DO IGAPE

Para a consecución do obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.640.0 para o ano 2025, (Código de Proxecto 2021 00013).

Partida Orzamentaria	2025	Total
09.A1.741A.640.0	75.000,00 €	75.000,00 €

En todo caso, a achega do Igape para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización das actividades sen que a USC obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

- ❖ O Igape deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.

- ❖ No marco deste convenio, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunas.
- ❖ O Igape coordinará e supervisará as distintas actividades que conforman o obxecto do convenio a fin da súa axeitada interrelación, e definirá aqueles aspectos de especial transcendencia e relevancia no marco dos estudos, análises e investigacións que se desenvolvan.
- ❖ Colaborará coa USC na realización do inventario da información necesaria para levar a cabo os traballos descritos.
- ❖ Elaborará conxuntamente coa USC unha proposta do plan de explotación da información dispoñible na Consellería.
- ❖ Orientará as liñas para o desenvolvemento do obxecto do convenio e, en particular, a investigación en materia de análise e avaliación das políticas públicas destinadas a favorecer a atracción e implantación de novas empresas en Galicia.
- ❖ Fixará no primeiro trimestre do ano, as liñas do proxecto a desenvolver na anualidade corrente.

#### **QUINTA. COMPROMISOS DA USC**

- ❖ A USC responsabilízase de executar as actuacións necesarias para a consecución do obxecto do convenio.
- ❖ A USC dará traslado ao Igape de propostas de actuacións para a difusión das actividades, asegurando a súa presenza nas actividades de comunicación que se organicen. As ditas propostas deberán previamente autorizarse polo Igape.
- ❖ A USC deberá desenvolver as actividades obxecto do convenio e xustificar a súa realización ante o Igape para percibir o pagamento previsto na cláusula anterior.
- ❖ A USC difundirá a colaboración do Igape en todas as manifestacións públicas que realice.
- ❖ A USC comprométese a levar contabilidade separada das contas correspondentes á actuacións obxecto do convenio nas que se poderá comprobar o seu destino na procura das actuacións previstas.
- ❖ Permitirá o uso de equipamentos e instalacións para a realización das actividades de investigación.
- ❖ Achegar profesionais cualificados e especializados en Economía Pública, determinando a persoa designada para desenvolver a dirección do equipo de traballo.
- ❖ Avanzar na metodoloxía da análise e avaliación das políticas públicas destinadas a favorecer a atracción e a implantación de novas empresas en Galicia, no ámbito competencial da Consellería de Economía e Industria e, nomeadamente, do Igape.
- ❖ Xerar instrumentos de análise que permitan ao Igape afondar nos resultados obtidos e adaptar as políticas públicas aos obxectivos estratéxicos relativos á economía e industria.
- ❖ Avanzar propostas de cambio, ampliación e deseño de experiencias piloto, de ser requiridas.

#### **SEXTA. DISPOÑIBILIDADE DOS RESULTADOS E CONCLUSIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS**

O diversos datos, análises, estudos e as conclusións e determinacións orientativas resultantes en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de uso e titularidade común polas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante o Igape e a Consellería de Economía e Industria, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

## **SÉTIMA. VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCION**

Este convenio entrará en vigor tras a súa sinatura por todas as partes e a súa duración estenderase ata o 31/12/2025, podendo ampliarse de mutuo acordo se as partes consideran oportuna a súa prosecución. Neste caso, e con anterioridade á finalización do convenio, subscribirán unha prórroga para o efecto.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algún dos asinantes; para tal efecto notificarase á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous da USC, que se reunirán cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha vez no primeiro trimestre de 2025 para definir o ámbito de desenvolvemento da investigación á que se refire o obxecto do convenio. A dita Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para a USC que se tomarán por unanimidade.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, no capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **NOVENA. MODIFICACIÓNS**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación só poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a redistribución entre os investimentos previstos. Os conceptos que conforman o obxecto do convenio só serán modificables cando estean debidamente xustificadas e previa aprobación da Comisión de Seguimento, e sempre que sexan cambios para o cumprimento dos seus obxectivos.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberá ser obxecto de autorización polo Igape e formalizarase mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

#### **DÉCIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL CO IGAPE. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS INVESTIGADORAS E COLABORADORAS DA USC**

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral, contractual, ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian a desenvolver actividades e o Igape, de forma que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A USC poderá contratar persoal e/ou nomear colaboradores ao persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento das actividades obxecto do presente convenio requira, de acordo co establecido no Regulamento de colaboración do Persoal de Administración e Servizos desa Universidade en Cursos e Convenios de investigación vixente na USC, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas. Así mesmo, poderá contar con persoas investigadoras do Sistema Universitario de Galicia e outras institucións españolas e estranxeiras que se incorporen *ad hoc* para o desenvolvemento das liñas de investigación acordadas e que serán asignadas a cada acción concreta na reunión da Comisión Mixta de Seguimento. En calquera caso, será responsabilidade da USC todo o relativo ás eventuais contratacións descritas, carecendo o Igape, de responsabilidade algunha nas mesmas.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E AUTORIZACIÓNS**

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), o acceso a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade da USC, supón a adquisición da condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse á USC, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte á USC do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

A USC autoriza ao Igape á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Igualmente lle autoriza a incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os

registros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.

## **DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA E RESOLUCION DE CONFLITOS**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

Ambas partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. Non obstante, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola dita Comisión de Seguimento quedarán sometidas á orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 7 de abril de 2025.

Polo Igape

Pola USC

Covadonga Toca Carús

Antonio López Díaz

## ANEXO TÉCNICO

### 1. OBXECTO

O obxecto do convenio entre o Igape e a USC (a través do Departamento de Economía Aplicada), é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Igape e a USC coa finalidade de fomentar, promover e financiar a realización de estudos e informes relacionados co avance na metodoloxía para a avaliación das políticas públicas destinadas a contribuír á mellora dos instrumentos de promoción económica de Galicia, proporcionando unha análise rigorosa sobre a eficacia dos incentivos financeiros e suxerindo modificacións que optimicen o seu impacto. Así, o propósito último desta colaboración entre ambas partes procura garantir que as políticas públicas se aliñen cos obxectivos estratéxicos de desenvolvemento económico e industrial de Galicia.

De acordo co plan de traballo que se inclúe neste Anexo Técnico reflíctense os aspectos metodolóxicos do desenvolvemento dunha investigación aplicada sobre a análise e avaliación das políticas públicas de incentivos financeiros implementadas pola Xunta de Galicia, a través do Igape, no período 2019-2024.

### 2. PLAN DE TRABALLO

A duración do convenio é dende a súa sinatura, e esténdese ata o 31 de decembro 2025. A Comisión Mixta de Seguimento aprobará o plan de traballo para o desenvolvemento das liñas concretas de acción, no primeiro trimestre de 2025.

Durante o ano 2025 está previsto que se desenvolvan as seguintes liñas, a expensas das decisións que se adopten na Comisión de Seguimento do convenio:

#### 2.1 Obxectivos da investigación:

- Propoñer unha metodoloxía de avaliación das políticas públicas en materia de incentivos financeiros para o crecemento das empresas galegas e a atracción de novas empresas.
- Avaliar a eficacia dos incentivos financeiros no crecemento e mellora das capacidades das empresas e tamén na atracción de empresas desenvolvidos entre 2019-2024 en Galicia.
- Estudar o impacto destes incentivos no desenvolvemento económico e industrial da Comunidade.
- Realizar análise comparativo de incentivos financeiros noutras comunidades autónomas, da rexión norte de Portugal e nos países da Unión Europea (cando menos dos seguintes países Francia, Alemaña, Italia e Polonia).
- Presentar diagnose e medidas de mellora.

#### 2.2. Metodoloxía. A investigación estruturarase nas seguintes fases:

##### a) Definición e deseño de metodoloxías de avaliación:

- Análise de metodoloxías existentes na avaliación de políticas públicas.
- Identificación de indicadores clave de desempeño.
- Desenvolvemento de ferramentas específicas para medir o impacto dos incentivos financeiros.

##### b) Análise e aplicación de metodoloxías:

- Recompilación e análise de datos.
- Avaliación da efectividade das políticas mediante técnicas cuantitativas e cualitativas.
- Identificación de boas prácticas e áreas de mellora.

##### c) Elaboración de informes e propostas de mellora

- Redacción dun informe baseado nos resultados obtidos.

- Presentación de recomendacións para a adaptación das políticas públicas aos obxectivos estratéxicos de ser o caso.

### 2.3. Difusión por parte do Igape de resultados para garantir a aplicabilidade dos achados.

- Elaboración dun documento de síntese con propostas de acción.
- O Igape definirá a organización dunha xornada de traballo con axentes económicos e representantes do Igape para transmitir os resultados.

### CADRO ESTIMATIVO CUSTOS

Realización de investigación aplicada e avaliación das políticas públicas relativa á metodoloxía para a avaliación das políticas públicas destinadas a contribuír á mellora dos instrumentos de promoción económica de Galicia, nomeadamente, polo Igape	
Pagamentos adicionais derivados das colaboracións do persoal de investigación e asistentes de investigación	60.000 euros
Edición, maquetación e impresión de informes	2.000 euros
Gastos necesarios para a realización de reunións técnicas internas con persoas expertas: traslados, aloxamento, materiais, etc.	2.000 euros
Difusión, soporte e comunicación	655,17 euros
Custos indirectos USC	10.344,83 euros
<b>TOTAL</b>	<b>75.000 euros</b>

### 3. EQUIPO DE TRABAJO

Por parte da USC formarán o panel de expertos para o desenvolvemento do convenio Santiago Lago Peñas, Catedrático do departamento de Economía Aplicada da USC, María Cadaval Sampedro, Profesora do departamento de Economía Aplicada da USC.

Poderán integrarse neste equipo, por parte da USC e baixo a súa responsabilidade, outras persoas investigadoras do Sistema Universitario Galego e doutras institucións españolas e estranxeiras que se incorporen *ad hoc* para o desenvolvemento das liñas de investigación acordadas e que serán asignadas a cada acción concreta na reunión da Comisión Mixta de Seguimento.

### 4. LUGAR DE TRABAJO

A USC desenvolverá, con carácter xeral, as actuacións previstas no convenio, na Facultade de CC. Económicas e Empresariais do Campus de Santiago de Compostela, Avda. Burgo das Nacións s/n, 15782 Santiago de Compostela.